

BASES DO CONCURSO DE PROXECTOS COOPERATIVISTAS NO SECTOR DO MARKETING DIXITAL

A **Fundación Paideia Galiza**, (en diante, a Organización) no marco do Convenio de Colaboración asinado coa Excm. Deputación Provincial da Coruña no ano 2023, convoca o **CONCURSO de PROXECTOS COOPERATIVISTAS no sector do MARKETING DIXITAL** (en diante, o Concurso) coa finalidade de contribuír á empregabilidade de mozas e mozos a través de modelos de traballo cooperativo.

O CONCURSO rexerese polas seguintes **BASES**:

1. PARTICIPANTES:

Poderán ser participantes do Concurso os proxectos cooperativistas, cuxos integrantes sexan mozos e mozas de entre 18 e 29 anos de idade, que estean inscritos no programa formativo *Marketing Dixital e Cooperativismo* das edicións de Santiago de Compostela e A Coruña de 2024, organizado pola Escuela de Organización Industrial (EOI), en colaboración coa Fundación Paideia Galiza.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- ✓ Os/as participantes deberán finalizar satisfactoriamente o programa formativo *Marketing Dixital e Cooperativismo* da EOI.
- ✓ O proxecto cooperativista deberá circunscribirse ao sector do Marketing Dixital.
- ✓ O proxecto cooperativista deberá presentarse conforme ao establecido nas bases. De non ser así, quedará descalificado.
- ✓ A cooperativa para constituír deberá estar integrada por un mínimo de 3 cooperativistas e ata un máximo de 5. Todos/as eles/as deberán ser alumnos/as do programa formativo en *Marketing Dixital e Cooperativismo* da EOI.
- ✓ A vontade por parte de todos/as os/as integrantes de constituír unha cooperativa dedicada ao Marketing Dixital deberá manifestarse expresamente.

A participación neste concurso supón a aceptación incondicional das presentes bases e condicións, así como a submisión expresa dos/das participantes aos criterios e decisións interpretativas que realice a Organización sobre as mesmas.

2. INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DE PROXECTOS:

Os/as interesados/as en participar no concurso deberán cubrir e enviar “on line” un **FORMULARIO DE INSCRICIÓN**, que estará dispoñible na web <https://www.paideia.es/curso-marketing-dixital/>. Cada grupo participante poderá presentar unha única solicitude.

- O **PRAZO** para a presentación da solicitude de inscrición para participar no Concurso será desde **o día de publicación destas bases ata as 23:59hs do 12 de maio de 2024** (hora do servidor).

Non será aceptada ningunha inscrición enviada fóra deste prazo.

No Formulario de inscrición expresarase:

- ✓ O número de integrantes do proxecto cooperativista.
- ✓ Datos de cada integrante (nome, apelidos, DNI, correo electrónico).
- ✓ Exposición de forma breve e resumida da idea do proxecto cooperativista e da actividade que se quere poñer en marcha.
- ✓ Que se comprometen a asistir, como mínimo, a un 70% das sesións de formación en *Marketing Dixital e Cooperativismo* da EOI. De non acadar este compromiso á data de finalización da formación, entenderase que o/a participante non finalizou satisfactoriamente o programa formativo e será automaticamente descalificado.

Unha vez realizada a inscrición, só se permitirá o cambio de integrantes por causa de forza maior debidamente xustificada ante a Organización. En calquera caso, os/as integrantes deberán ser sempre alumnado do programa formativo en *Marketing Dixital e Cooperativismo* da EOI, que cumpra cos requisitos establecidos nestas bases.

- Os grupos rexistrados no concurso deberán presentar unha **MEMORIA** dos seus proxectos empresariais cooperativos para optar ao premio, no **PRAZO** comprendido desde o **13 de maio ata as 12:00hs do 7 de xuño de 2024** (hora do servidor).

O proxecto que non achegue esta documentación no prazo indicado, quedará descartado do concurso.

A **MEMORIA** deberá conter en todo caso a seguinte información:

1. **PRESENTACIÓN DO PROXECTO.** Obxectivo definido da actividade para desenvolver pola cooperativa, especificando o Marketing Dixital. Presentación do Equipo

promotor (persoas integrantes, perfil profesional, CV, funcións a realizar). Misión, visión e valores da cooperativa.

2. DESEÑO DO MODELO DE NEGOCIO. Canvas do modelo de negocio e mapa de empatía.
3. PLANIFICACIÓN. Plan de marketing e plan financeiro.
4. ANEXOS.
5. RESUMO EXECUTIVO.

3. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO:

A selección do proxecto cooperativista premiado no concurso levará a cabo do seguinte xeito:

1. FASE PREVIA: VALORACIÓN DAS MEMORIAS DOS PROXECTOS

Unha vez recibidas as memorias dos proxectos rexistrados no concurso, estas serán valoradas polo Xurado.

O Xurado emitirá unha proposta de valoración sobre os proxectos presentados, tendo en conta os seguintes aspectos:

- ✓ Viabilidade económica do proxecto a medio prazo e sustentabilidade.
- ✓ Equipo promotor do proxecto: organización interna do equipo (capacidade do grupo, repartición de funcións, ...).
- ✓ Estudo de mercado: identificación de potenciais clientes, planificación e estratexia a seguir en relación a captación e/o fidelización de clientes.
- ✓ Relación coa contorna onde se desenvolve/impacto social.

Así mesmo, e de conformidade cos termos nos que se desenvolve a colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, teranse presentes os seguintes criterios:

- ✓ Desenvolvemento e integración dos contidos do programa formativo.
- ✓ Aplicación do modelo de cooperativa no sector do Marketing Dixital.
- ✓ Viabilidade e proxección do plan de empresa.
- ✓ Adecuación dos obxectivos do proxecto ás políticas do Ministerio de Traballo e Economía Social, no fomento do traballo autónomo, da economía social e da responsabilidade social de empresas.

As valoracións do Xurado reflectiranse nunha Acta.

2. FASE DE EXPOSICIÓN DO PROXECTO no EVENTO “DEMODAY”

O día **13 de xuño de 2024** celebrarase un Evento “Demoday” (aberto ao público), coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, no que o alumnado da formación en *Marketing Dixital e Cooperativismo* da Escuela de Organización Industrial (EOI) deberá expoñer e presentar o seu proxecto.

Todos/as os/as integrantes do proxecto cooperativista que queiran participar neste concurso deberán estar presentes e participar no devandito EVENTO, salvo causa de forza maior debidamente xustificada. Así mesmo, todos/as os/as participantes deberán realizar a presentación pública do proxecto, con independencia de que designen un/unha portavoz entre eles/elas para realizar a exposición.

Unha vez rematadas as exposicións públicas de todos os proxectos, o Xurado reunirse para deliberar exclusivamente sobre a exposición dos proxectos cooperativistas inscritos no Concurso.

Tras a deliberación, o Xurado puntuará os distintos proxectos e fará pública a súa decisión. Ademais, o Xurado dispoñerá dunha lista de reserva por orde de puntuación.

O premio será concedido no propio acto do evento ao proxecto cooperativista que reúna a puntuación máis alta, en base ás votacións do Xurado. Ademais, a resolución final sobre o proxecto cooperativista gañador publicárase na web <https://www.paideia.es/curso-marketing-dixital/>

4. XURADO:

O Xurado estará integrado polos seguintes membros:

- a) 1 representante da Deputación Provincial da Coruña ou persoa que designe.
- b) 1 representante da Fundación Paideia Galiza ou persoa a quen designe, que exercerá de Secretario/a.
- c) 1 persoa designada pola Escuela de Organización Industrial (EOI).
- d) 1 representante do Concello de Santiago de Compostela ou persoa que designe.
- e) 1 persoa designada por unha Entidade que represente ao sector do cooperativismo en Galicia.
- f) 1 integrante ou representante dunha cooperativa premiada en edicións anteriores.
- g) 1 docente do programa formativo en *Marketing Dixital e Cooperativismo* da EOI, con voz, pero sen voto.

No caso de que un membro do Xurado non poida estar presente nalguna das fases do Concurso, poderá delegar noutra persoa designada por ou vinculada á entidade á que representa.

Os nomes dos integrantes do Xurado e a persoa que actuará como presidente/a faranse públicos antes da fase de valoración das memorias dos proxectos na web <https://www.paideia.es/curso-marketing-dixital/>

En todas as funcións que ten encomendadas, o Xurado reunirse en privado ao finalizar todas as súas actuacións. O Xurado quedará validamente constituído para cada unha das fases se se atopan presentes ou representados, polo menos, 3 dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e deberán redactarse nunha acta, asinada polo/a Secretario/a con visto e prace do/da Presidente/a.

Ademais da selección do proxecto premiado, o Xurado elaborará unha lista de suplentes, en orde de preferencia, para o caso de desistencia polo proxecto gañador.

5. PREMIOS:

A concesión do premio previsto nesta convocatoria realizarase con cargo ao convenio suscrito entre a Fundación Paideia Galiza e a Deputación da Coruña no ano 2023 para a mesma finalidade, debido á existencia de remanente suficiente.

O premio consistirá nunha dotación económica que terá por finalidade a creación e constitución da Cooperativa do proxecto gañador, así como a xeración de emprego dos seus integrantes durante o primeiro ano desde a data da súa constitución.

O Xurado, á vista dos proxectos presentados, poderá decidir que se declare o premio deserto, no caso de que ningún proxecto cumprise os requisitos ou niveis de adxudicación necesarios para ser premiado.

Así mesmo, no caso de que o proxecto cooperativista gañador desista do premio, existirá unha lista de suplentes elaborada polo Xurado, conforme ás súas valoracións.

CONTÍAS DO PREMIO

A contía do premio ascenderá a un máximo **60.000€ brutos** para o proxecto gañador. A contía determinarase en función do número de integrantes/cooperativistas (mínimo 3 e máximo 5).

Nº COOPERATIVISTAS	IMPORTE PREMIO BRUTO / COOPERATIVA
3	50.000 €
4	55.000 €
5	60.000 €

O outorgamento do premio establecido neste Concurso implica a obrigaón para o proxecto gañador de constituír unha cooperativa (sen especificar o seu tipo: ordinaria, xuvenil, etc.) antes do **30 de setembro de 2024**.

A contía do premio deberá destinarse a cubrir os gastos iniciais derivados da posta en marcha da cooperativa, tales como: constituición e rexistro da cooperativa, altas en Seguridade Social dos cooperativistas e desenvolvemento inicial das actividades proxectadas.

PAGO

Será condición necesaria para a obtención do premio que o proxecto gañador o acepte expresamente, mediante unha declaración de aceptación.

Por outra banda, o/a responsable do proxecto premiado, ou persoa designada polos seus integrantes como representante da cooperativa, deberá presentar a solicitude de pago do premio (segundo modelo), comunicando o CIF provisional da cooperativa e o número de conta bancaria da cooperativa na que queren que se ingrese o premio.

O premio farase efectivo en DOUS ou TRES pagos:

- O **primeiro pago** (opcional) realizarase a modo de *anticipo*, sempre que sexa solicitado, e destinarase a cubrir gastos de inicio previos á constituición. Poderá ser por un importe de ata **CATRO MIL EUROS (4.000 €)** brutos, no caso dunha cooperativa ordinaria, e de ata **NOVECIENTOS EUROS (900 €)** brutos, no caso dunha cooperativa xuvenil. Poderá solicitarse un importe superior ao previsto en concepto de anticipo, sempre e cando se xustifiquen os gastos de inicio nos que se incorra. Recibida a solicitude e á vista da xustificación, a Organización resolverá sobre o importe do anticipo.

DOCUMENTACIÓN a presentar:

1. Solicitude de pago do anticipo.

2. Memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto (anexarase a Acta da asemblea constituínte cos datos dos/as cooperativistas e a certificación negativa de denominación do REXISTRO DE SOCIEDADES COOPERATIVAS).
 3. CIF provisional da cooperativa.
 4. Nº de conta bancaria a nome da cooperativa.
- O **segundo pago** ou pago principal, correspondente ao **75% do premio**, realizarase unha vez acreditada que a cooperativa foi constituída e, en todo caso, antes do **31 de outubro de 2024**.

DOCUMENTACIÓN a presentar:

1. Solicitud de pago.
2. Memoria actualizada das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto.
3. Escritura de constitución e inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas, en caso de cooperativa ordinaria. En caso de constitución de cooperativa xuvenil, achegaranse os estatutos previamente cualificados e a acreditación da inscrición da cooperativa no Rexistro.
4. CIF definitivo a cooperativa.
5. Altas na Seguridade Social dos/as cooperativistas.
6. Alta no Imposto de Actividades Económicas, comunicando o inicio da actividade.
7. Unha vez recibido o pago do premio, deberá presentarse unha declaración asinada do/da representante da cooperativa, conforme se recibiu o importe do 75% premio, e o xustificante bancario.

En caso de recibir un primeiro pago (anticipo), dita cantidade descontarase do 75% do premio, correspondente ao segundo pago.

- O **terceiro pago ou final** correspondente ao **25% restante** do premio, farase aos 6 meses da realización do pago principal.

DOCUMENTACIÓN a presentar:

1. Solicitud de pago.
2. Breve Memoria das actividades desenvolvidas pola cooperativa e volume de facturación durante os 6 primeiros meses de actividade desde a data da súa constitución, así como das actividades previstas para o ano 2025.

3. Unha vez recibido o pago do premio, deberá presentar unha declaración asinada do/da representante da cooperativa, conforme se recibiu a totalidade do premio, e o xustificante bancario.

A Organización resérvase o dereito de solicitar máis información ou documentación ao proxecto premiado, en caso de ser necesario para garantir o cumprimento do destino do premio.

6. COMPATIBILIDADE:

O premio obtido pola participación neste Concurso será compatible con calquera outro premio, subvención ou axuda para a mesma finalidade, especialmente para a creación de cooperativas.

7. RÉXIME DE RESPONSABILIDADE:

A Organización non se fai responsable das perdas ou irregularidades que poidan producirse no envío da información, ocasionadas por interferencias na comunicación ou por calquera outro erro ou omisión derivados de problemas nas telecomunicacións, ou calquera outra causa non imputable á Organización.

A Organización tampouco se fai responsable dos danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade do sistema de inscrición no concurso.

8. PROTECCIÓN DE DATOS:

Os/as integrantes do proxecto que resulte premiado aceptan e autorizan que os seus nomes e o premio obtido poidan aparecer mencionados na páxina web da entidade organizadora, da Deputación Provincial da Coruña, do Concello de Santiago de Compostela e da Escuela de Organización Industrial (EOI), ou en calquera outro soporte comercial, publicitario ou medio de comunicación que poida utilizarse a fin de informar e facer público o resultado do Concurso.

Así mesmo, os/as gañadores/as do premio, ao recibilo e aceptalo, comprométese a ceder e facilitar unha imaxe persoal e/ou a que se lles realice unha ou varias fotografías co fin único de dar publicidade a este Concurso, no caso de que así fose requirido pola Organización.

Infórmase aos/ás participantes que os datos persoais obtidos no marco da presente convocatoria serán tratados pola Fundación Paideia Galiza conforme á normativa de protección de datos e, particularmente, de acordo có disposto no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril.

Os datos serán tratados para a xestión administrativa e comercial da convocatoria, durante o tempo que dure a relación establecida coa entidade ou ata que os/as participantes exerciten os seus dereitos de baixa ou supresión. Como usuarios/as poderán en calquera momento exercitar de maneira gratuíta os dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo, así como á portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Fundación Paideia Galiza, coa referencia “CONCURSO COOPERATIVAS MARKETING DIXITAL” (CIF G-15798655, con domicilio na Praza de María Pita, 17, 15001 A Coruña, teléfono 981 22 39 27 e correo electrónico protecciondedatos@paideia.es). Para estes efectos o/a interesado/a deberá identificarse mediante a achega de fotocopia do seu D.N.I.

9. MISCELÁNEA:

A Organización resérvase o dereito para modificar as bases do Concurso en calquera momento, mesmo poderá anulalo ou deixalo sen efecto, sempre que conorra causa xustificada, e, en todo caso, comprometéndose a publicalo pola mesma vía que esta convocatoria.

Así mesmo, a Organización resérvase o dereito de solicitar calquera documentación complementaria ou adicional aos/as concursantes, relativa a comprobar a veracidade e cumprimento dos requisitos esixidos conforme a estas bases.

Corresponderá á Organización a interpretación das bases, así como a resolución de calquera dúbida ou consulta que poida xurdir relacionada coas mesmas durante o procedemento do Concurso.

A Organización non asumirá ningún tipo de gasto adicional que os estritamente derivados do premio do Concurso, nos termos recollidos nestas bases.